



Reserva da Biosfera Terras do Miño

Caderno de actividades

Educación Primaria



DEPUTACIÓN DE LUGO




RESERVA DA BIOSFERA



Organización
de las Naciones Unidas
para la Educación,
la Ciencia y la Cultura



Red Española
de Reservas
de la Biosfera



Reserva da Biosfera Terras do Miño

Caderno de actividades

Educación Primaria

Obxectivos:




- O noso Planeta
- As Reservas da Biosfera
- Terras do Miño
- Que podemos atopar na Reserva da Biosfera Terras do Miño?
- Cal é o teu compromiso coa Reserva?

O Nosso Planeta

A Terra está molesta, cada vez mais enfadada, é por culpa de todos.



Dos seguintes debuxos sinala cunha cruz as situacións que poden danar o noso planeta.



Suxire tres obxectivos que poidas realizar para axudar ao Planeta Terra:

- 1
- 2
- 3

Consideras que coidas o Medio Ambiente?
Reflexiona e contesta:

Apagas as luces da túa casa cando non son necesarias?

.....

Pechas a billa da ducha cando te enxabonas?

.....

Cando vas pola rúa, tiras os chicles ao chan?

.....

Lembra que...



Este canciño saúdache, pero se te comprometes a ter un animal contigo, pensa que non é un simple peluche, tes que coidalo e ser responsable del, porque ten fame, quere facer as súas necesidades, gústalle pasear...

El nunca che abandonaría, daría a vida por ti.

Unha mascota non é para tela toda a túa vida, senón para tela toda a súa vida.

Atopámonos no Centro de Interpretación Terras do Miño.
Este lugar trata de explicar o importante que é esta Reserva
da Biosfera.

Unha Reserva da Biosfera é algo que hai que coidar moito,
pero sabes o que é a biosfera? (Explicao coas túas palabras):

.....

.....

.....

.....

.....



Pois ben, chámase Terras do Miño, porque...

.....

.....

.....

Busca nestas Sopas de letras a Flora e a Fauna (palabras en vermello) que podes atopar na Reserva da Biosfera Terras do Miño e une os nomes coa súa ilustración correspondente:

FLORA DA RESERVA DA BIOSFERA:



CARBALLO •

TOXO •

SALGUEIRO •

BIDUEIRO •

AMENEIRO •

FREIXO •



FAUNA DA RESERVA DA BIOSFERA:



MEXILLÓN •

PÍTEGA •

MIÑATO •

CEGOÑA •

MERGULLÓN •

LONTRA •



Ademais de animais e plantas, na Reserva da Biosfera Terras do Miño viven persoas en armonía co noso medio ambiente e que realizaron diferentes traballos vencellados coa auga como no muíño onde estás agora.



Poderías dicirme para que serven os muíños?

.....

.....

.....

.....

Estes animais son representativos da fauna que habita Terras do Miño. Sabes os seus nomes?



.....

.....



.....

.....

Une os debuxos das follas cos nomes das árbores que lles corresponda:

Salgueiro Negro •

Foxo Arnal •

Lirio Acuático •

Carballo •

Espiño Albar •

Bidueiro Común •



Le este relato:



Misca, a lontra, era unha femia que vivía preto do río Ladra, nos Lagos do Olla. Acababa de ser nai e coidaba ás súas crías con gran esmero. Sabía que tiña pouco máis dun ano para dicirlles cos seus clics, chios e berros en que se converteu a vida para os da súa especie nesta misteriosa lagoa, que recollía a súa auga do río.

Despois do período de lactación, de mimos e garatuxas, tiña que contarlles aos seus fillos os perigos da vida, tan pracenteira ata agora, dedicándose a xogar cos tobogáns que os seus pais construíranlles, pero Misca sabía que aos poucos o mundo que entre todos os seres vivos estabamos a construír ía resultarlle difícil.

Misca era pacífica, pero sabía o agresiva que podía chegar a ser se alguén trataba de arrebatarlle aos seus cachorros. Nadaban xuntos, unidos polas súas patas, para non perderse entre as augas, un día claras e agora a piques de ter que ser abandonadas polo difícil que era vivir alí. Misca sabía como educar aos seus fillos, co seu cambio de posturas; os pequenos sabían se a súa nai estaba contenta ou estaba a tratar de educalos, con algunha que outra rifa. A nai ensináballes a nadar levándoos nas súas costas ata a metade da canle e deixándoos alí para que volvesen ata a beira sós.

Aos poucos, tamén lles foi explicando como se golpeaban os mexillóns e as ameixas cunha pedra, exquisito alimento, aínda que cada día máis difícil de atopar. Pero, tristemente, tiña que informarlles sobre a vida, porque pronto terían que empezar a vivir sen o amparo da súa nai. Dous anos despois do seu nacemento terían que ter o seu propio territorio e ela temía que tiña que contarlles cousas non moi agradables...

Aquela mañá, antes de saír do cálido tobo situado ao bordo da auga, aproveitando unha cova natural escondida entre a maleza, chea de herba seca e follas, que serviu de niño ao seu fillos, Misca pensou que debía contarlles "iso" tan importante para o seu futuro, para a súa supervivencia:

"Queridos fillos, dentro de pouco tereades que buscar un novo fogar e teño que advertirvos dos problemas cos que vos ides atopar.

Din que nós, as lontras, somos uns seres intelixentes, pero ás veces resultanos difícil sobrevivir, e máis nestes momentos en que estamos nun período de crise. En primeiro lugar, vou contar os perigos cos que todos os da nosa especie tiveron que enfrontarse desde hai moitos anos. Hai animais que voan que, ás veces, poden atacarnos; tamén hai uns animais de catro patas, moito pelo e mirada profunda, aos que igualmente hai que temer.

Pero, de quen tedes que fuxir é dun ser que camiña con só dúas patas, que hai moitos anos usaba frechas para matarnos, e, despois, uns instrumentos moi rápidos, que fan un ruído repentino e seco. Eses seres envexan a nosa pel e, para utilizala eles, ás veces colócanos trampas das que non podemos fuxir.

O peor de todo é que os animais de dúas patas son amos do mundo; eles dirixeno todo e moléstanos cos seus ruídos, cada día máis fortes para os nosos sensíbeis oídos. Cortan as árbores e, arrebatándonos o noso alimento, veñen pescar peixes, que tratan de sacar da auga con redes, coas que tropeizamos nós e fannos moito dano; e ademais é que son moi sucios e a auga cada día está menos clara e menos abundante. Algunhas veces pásanse en barcas e traen animais raros, como uns estraños cangrexos, que se comen aos que vivían aquí e que estaban tan ricos. A verdade é que non nos deixan vivir con tranquilidade.

Nós, a quen nos gusta tanto falar, agora somos moi poucos neste territorio, pero as nosas palabras xa non teñen quen as escoite: o voso pai e algúns parentes. Por estas razóns, non sei se teremos que abandonar este lugar..., a non ser que eses seres de dúas patas se decaten de que todos somos necesarios, e que coidar o planeta é bo para todos, porque destruíndoo non só nos fan dano a nós, senón tamén a eles mesmos.

Quizais teremos que unirnos todos os animais e falarlles aos de dúas patas. Xa sei que é difícil, pois non manexan o noso idioma, non entenden os nosos sentimentos, ás veces deciden levarnos a uns lugares pechados, onde nos dan comida, para que os seus fillos nos vexan, pero nós queremos vivir na nosa contorna. Eu xa son maior, pero vós podedes facer unha asemblea cos fillos de Loki, e outros mozos de diferente pelame e conseguir que comprendan que coa súa forma de vivir van perder a todos e que sen nós non van ser tan poderosos.

Así que, os meus pequenos valentes, confío en vós e, para empezar, creo que podedes dirixirvos aos nenos, que son os pequenos da súa especie. Eles comprenderanvos?"

Despois de penetrarmos na vida de Misca, decatámonos de que os animais sofren polas cousas que facemos os humanos.

Como poderías ti axudar aos animais?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Edita: SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE · RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO
Deputación Provincial de Lugo
Ronda Muralla, 140 · 27004 · Lugo

Maquetación, deseño e ilustracións: dobleuve.com

Imprime: ?
D.L.:
I.S.B.N.:

© Non se permite a reprodución total ou parcial, nin a transmisión ou incorporación a sistemas informáticos, mecánicos ou electrónicos, das imaxes e textos incluídos neste caderno, sen autorización previa e por escrito dos titulares do copyright.

